



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

Premios Santa Bárbara da Cámara Oficial Mineira de Galicia 2023 XVI Edición

A Cámara Oficial Mineira de Galicia – corporación de dereito público e máxima entidade representativa do sector mineiro na comunidade galega–, quere destacar a importancia que a minaría ten tanto no tecido industrial, coma no desenvolvemento da nosa sociedade mediante criterios ecosustibiles.

Promovendo este sentido, convoca a XVI Edición dos *Premios Santa Bárbara*, para recoñecer o labor de todos os integrantes da comunidade mineira de Galicia, estimular a súa contribución ao desenvolvemento do sector, e achegar e dar a coñecer o sector mineiro á sociedade, poñendo de manifesto a súa relevancia.

BASES

1. PREMIOS

Os premios teñen unha periodicidade anual e consistirán nunha distinción de carácter honorífico. Están orientados a aqueles profesionais, empresas, entidades ou organismos vinculados ao sector mineiro galego. Establécense dúas modalidades:

- *Traxectoria*: recoñecemento a unha carreira meritoria que destaque polo seu bo facer no eido da minaría.
- *Comunicación*: premia o labor de difusión da realidade mineira dirixida a un mellor coñecemento do sector e á súa promoción.
- *Minaría Sostible*: incentiva a sostibilidade e a innovación no sector mineiro recoñecendo a aqueles proxectos, traballos, ou iniciativas desenvolvidos en pro da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

2. CANDIDATURAS

- Poderán optar aos premios todas aquelas empresas, entidades ou persoas vinculadas ao sector mineiro galego, ou relacionadas coa temática do premio.
- As candidaturas poderán ser presentadas polo propio interesado ou por calquera persoa ou entidade que desexe propoñer un candidato. Para iso deberán encher o formulario de solicitude que poden obter na sede da Cámara Oficial Mineira de Galicia ou na web www.camaraminera.org.
- Poderán achegar todos aqueles documentos que consideren oportunos para xustificar os méritos que moven a súa presentación.
- A solicitude deberá ser remitida á Cámara Oficial Mineira de Galicia por correo electrónico (cmg@camaraminera.org).
- O prazo de admisión de candidaturas remata o luns 20 de novembro, inclusive.
- Os datos achegados serán considerados como confidenciais e non poderán ser publicados nin divulgados sen autorización dos interesados.



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

3. XURADO

- O xurado comporase dun mínimo de 4 membros da comunidade mineira galega. Estará presidido polo Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia ou a persoa en quen delegue, e estará composto por membros da Xunta Directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia, así como alomenos un membro da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.
- O xurado poderá solicitar aos candidatos a información adicional que considere necesaria para tomar a súa decisión.
- A decisión do xurado será tomada por maioría simple e será inapelable. En caso de empate, este será resolto polo voto de calidade do Presidente do xurado.
- A resolución do xurado comunicárase aos participantes con anterioridade á entrega dos premios, que terá lugar durante a festividade de Santa Bárbara.